

son galego falante

2021



son galego falante

A Área de Normalización Lingüística é a unidade de traballo da Universidade de Vigo encargada de promover e de darlle soporte técnico ao proceso de extensión do uso do galego no ámbito docente, investigador, administrativo e de servizos. Así, desenvolve accións destinadas a mellorar e a incrementar o uso da lingua galega e a dotala de prestixio en todos os ámbitos tendo en conta as necesidades do alumnado, do persoal de administración e servizos (PAS) e do persoal docente e investigador (PDI).

No caso do estudiantado, malia que somos conscientes de estarmos ante un desafío preocupante e urxente para o futuro do idioma, cómpre recoñecer o labor que, consciente ou inconscientemente, realizan as e os estudantes que deciden vivir en galego na súa cotiandade universitaria.

A todas e a todos vai dedicado o calendario 2021 da Área de Normalización Lingüística.

Beizón!



2021

XANEIRO

28	29	30	31	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

FEBREIRO

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

MARZO

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31	1	2	3	4

ABRIL

29	30	31	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	1	2

MAIO

26	27	28	29	30	1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31	1	2	3	4	5	6

XUÑO

31	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	1	2	3	4

XULLO

28	29	30	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	1

AGOSTO

26	27	28	29	30	31	1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31	1	2	3	4	5

SETEMBRO

30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	1	2	3

OUTUBRO

27	28	29	30	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

NOVEMBRO

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	1	2	3	4	5

DECEMBRO

29	30	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31	1	2



son galego falante



A universidade é un espazo no que te podes sentir moi cómodo para falar o galego e para desenvolve-lo de maneira que poidas expresarte nel dunha maneira moito máis correcta, moito máis fluída.

Antes da universidade falaba moito menos galego, e desde que empecei uso a lingua cada vez máis, ata que dende hai un ano en todos os ámbitos falo sempre galego.

Diego Vázquez Feijoo
3.º Educación Primaria
Campus de Ourense

Desde a entrada na universidade sentínome máis cómodo á hora de falar galego en comparación co instituto.



XANEIRO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
28	29	30	31	1 Ano Novo	2	3
4	5	6 Día de Reis	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28 San Tomé de Aquino	29	30	31



son galego falante



Cando cheguei á universidade, case todo o mundo falaba galego. Encantoume ver as diferenzas dialectais de xente procedente de territorios diversos.

Na universidade, non hai ningunha limitación ao uso do galego. Iso si, moi poucos docentes falan este idioma, aínda que todos o entenden.

Gustárame promover o galego o máis posible. Non quero, de ningún xeito, que o galego se perda.

Lucas Rojo Mosquera
3.º Enxeñaría das Enerxías
Campus de Vigo



FEBREIRO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16 Martes de Entroido (Ourense e Vigo)	17 Mércores de Cinza (Pontevedra)	18	19	20	21 Día Internacional da Lingua Inicial
22	23	24	25	26	27	28



son galego falante



Co galego hai que ter ganas e hai que ter actitude. Hai moita xente á que toda a vida lle faloron en castelán e ao chegar á universidade atópase nun ambiente no que lle falan máis en galego, o que fai aumentar as ganas de usalo.

A universidade é un espazo no que se pode mellorar o galego, mais hai que impulsalo moito. Moitísimas veces, co galego, a barreira somos nós.

O galego debe ser unha pedra máis das que nos acompañan na mochila cada día.

Sandra Pérez Vilas
4.º Educación Infantil
Campus de Ourense



MARZO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19 San Xosé	20	21
22	23	24	25	26	27	28 Reconquista de Vigo
29	30	31	1	2	3	4



son galego falante



O galego é parte da miña identidade; por iso, eu son galega e falarei galego. A universidade é clave para promover non só o galego senón tamén a nosa cultura, a nosa identidade.

Na universidade, pola diversidade de temáticas, estilos docentes e contextos de uso, o galego afástase da monotonia e asóciase máis co razoamento e a comprensión e a xente comeza a falalo máis.

En xeral, podemos dicir que na universidade hai moitos máis apoios para falar galego que no ensino secundario.

Lucía Álvarez Martínez
2.º Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios
Campus de Vigo



ABRIL 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
29	30	31	1 Xoves Santo	2 Venres Santo	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	1	2



son galego falante



A universidade foi a oportunidade para reforzar o uso do galego desde unha perspectiva máis técnica e máis ampla; en definitiva, para poder transmitir a cultura científica. Xa viña de antes, pero coa chegada á universidade sempre falei galego.

Na universidade o galego vese reforzado porque moitas actividades se fan nesta lingua, como, por exemplo, estimular a facer o TFG en galego, o que me parece moi útil para que o alumnado colla confianza no uso formal da lingua.

A universidade é un espazo no que te podes sentir moi cómoda falando galego.

Ana Rodríguez Rodríguez
4.º Enxeñaría Informática
Campus de Ourense



MAIO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
26	27	28	29	30	1 Festa do Traballo	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17 Día das Letras Galegas	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31	1	2	3	4	5	6

Ciencias Xurídicas e do Traballo. **Sábado 1**
(Relacións Laborais)
Belas Artes. **Martes 4**
Enfermaría. **Mércores 12**



son galego falante



Na universidade sempre falei galego e nunca cambiei de lingua. A universidade é un espazo sen problemas para usarmos o galego e mesmo pode converterse nun lugar que anime a falalo.

O galego é unha lingua que che vai servir para relacionarte, mesmo internacionalmente.

Boto de menos máis clases impartidas en galego. Debe facerse un esforzo nese sentido.

Alexia Carlón Álvarez
3.º Comercio
Campus de Vigo



XUÑO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
31	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	1	2	3	4

son galego falante



Ás veces á xente dálle por pensar que o galego é unha lingua do rural, de xente maior exclusivamente, que non vai co mundo moderno, que non é nada útil, mesmo ás veces pensan que pode ser unha lingua imposta, malia ser a propia do territorio.

Que na universidade a xente aposte polo galego me parece moi ben, en comparación co ensino secundario nas cidades. E unha mágoa asistir a unha regresión do galego.

Chamoume a atención a cantidade de xente que fala galego na universidade, pero sempre se pode facer máis.

Alejandro Guzmán Prieto
2.º Dirección e Xestión Pública
Campus de Pontevedra



XULLO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
28	29	30	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11 San Bieito (Pontevedra)
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25 Día Nacional de Galicia
26	27	28	29	30	31	1



son galego falante



Gústame moito falar galego, amo o idioma, creo que é moi necesario falalo, sexas neofalante, sexas falante de toda a vida. Na universidade hai posibilidades para o galego, pero fan falta tamén ganas e esforzo por parte de todas e todos. O peor galego é o que non se fala.

Penso que nos atopamos nun punto crítico e decisivo para a historia da nosa lingua no que temos que facernos conscientes e responsables de enaltecela ou de esquecela.

Debería haber certo punto de obrigatoriedade lingüística dentro das universidades, e apoiar e animar sempre as e os neofalantes.

Valeria Martínez Lojo
4.º Belas Artes
Campus de Pontevedra



AGOSTO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
26	27	28	29	30	31	1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15 Día da Asunción
16 San Roque (Vigo)	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31	1	2	3	4	5

son galego falante



A universidade ten que xerar espazos cómodos para que a mocidade poida inserirse neste mundo do galego e dar o primeiro paso que se precisa para que así sexa.

A xeración que vén agora interpreta doutro modo o papel do galego no ensino e é máis receptiva, pero non é activa para dar o paso a falalo e introducilo en todos os ámbitos.

A universidade aínda é un espazo moi castelanizado e no que cómpre dar moitos pasos para que o galego sexa realmente unha lingua normalizada.

Diego Bará Louro
I.º Educación Primaria
Campus de Pontevedra



SETEMBRO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23 Día Internacional das Linguas de Signos	24	25	26
27	28	29	30	1	2	3

son galego falante



Comecei a falar galego en segundo de carreira. Tomei a decisión porque non tiña ningún criterio para seguir falando castelán. Simplemente, rodeeime dunha vida en galego. Estiven un ano sufrindo un pouco, pero ao final é o idioma que máis utilizo na miña vida.

Na universidade coincidín con xente de moi diversos lugares e iso favoreceu o paso ao galego. A universidade non supón unha limitación para comezar a falar ou para mellorar o uso do galego.

Ás veces a vixilancia lingüística pode frear o paso a converterse en falante de galego.

José Luis Soto Vázquez
Doutoramento en Bioloxía
Campus de Vigo



OUTUBRO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
27	28	29	30	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12 Día da Hispanidade	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

son galego falante



Na aula falamos todos en galego.
Na universidade eu falo galego e non teño a
necesidade de cambiar de idioma. Aínda que me
falen en castelán, eu respondo sempre en galego.
O galego é o idioma que deberíamos preservar.

Para os e as estudantes que
se queiran facer falantes de
galego, a universidade non
supón ningún problema de
integración e os que falamos
galego poderíamos ensinar.

Na miña facultade o profesorado fala en
galego e incítate a usalo con el.

Sara Fernández Rodríguez
1.º Xeografía e Historia
Campus de Ourense



NOVEMBRO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1 Todos os Santos	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11 San Martiño (Ourense)	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	1	2	3	4	5



son galego falante



Tiña claro que ao vir á universidade ía cambiar ao galego; ao ser un ambiente novo, no que aínda non te coñece ninguén, non tes presión porque te xulguen.

Agora o galego sáeme con moita naturalidade e mesmo estando na universidade cústame cambiar ao castelán porque xa me adaptei de xeito inmediato a falar galego.

A quen queira falar galego, eu diríalle que adiante.

Daniel Fernández Filloy
1.º Comunicación Audiovisual
Campus de Pontevedra



DECEMBRO 2021

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
29	30	1	2	3	4	5
6 Día da Constitución	7	8 Día da Inmaculada	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25 Nadal	26
27	28	29	30	31	1	2

